

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: SERVIZO DE XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL E LOCAIS MUNICIPALS DE MÚSICA PARA A XUVENTUD DE COMPOSTELA

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumplir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretendan cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."


O Concello de Santiago é titular do Centro Xove de Creación Cultural e dos Locais Municipais de Música para a Mocidade, adscritos á Concellería de Mocidade e situados o Centro Xove no rúa Proxecto Vagalume núm. 2, e os Locais Municipais de Música para a Mocidade nos baixos do Estadio Municipal de San Lázaro (á espera do seu traslado inminente ao local anexo do Centro Xove de Creación Cultural).

O Centro Xove de Creación Cultural é un equipamento que se creou ao abeiro do programa Urbana Norte. O centro constitúese como o primeiro equipamento da cidade para os mozos e mozas composteláns e nel se desenvolven actividades relacionadas cos intereses deste colectivo e sirve como canalizador de actividades e iniciativas para mozos e desenvolvidas por mozos.

Así mesmo, este equipamento está en contacto permanente cos Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela, pois é un recurso óptimo para amosar o traballo que levan facendo as diferentes formacións que pasaron polos locais de ensaio desde o ano 2003, cando se puxo en marcha a iniciativa. Ademáis ainda que nun principio as salas de ensaio están situadas no Estadio de San Lázaro, en próximas datas trasladaranse ao edificio anexo a Nave Xoven de Creación Cultural e estarán comunicadas para favorecer sinerxias entre a actividade dos locais de música e a Nave de Creación.

O Centro xove, unha vez integrados os Locais de ensaio, contarán cun auditorio dotado dun escenario e equipamento técnico de luz e son, tres salas de ensaio, dotadas con equipo básico de son, un estudo de gravación de audios que conecta cunha das salas habilitada acústicamente para tal fin, espazo de recepción, espazo de lectura e espera. Tamén se conta cun pequeno espazo expositivo, baños adaptados e camerinos.

O dito equipamento abriu as súas portas no ano 2016, c despois de dous anos de funcionamento, dende a Concellería de Mocidade consideramos modificar as condicións do anterior contrato para dar resposta a unha serie de necesidades que redundarán nun mellor funcionamento do Centro e nunha maior satisfacción dos usuarios e usuarias. Estas incorporacións son a inclusión no propio obxecto do contrato, dun servizo técnico de son e iluminación que dé soporte a eventos e a



gravacións musicais e audiovisuais e acometa certas reparacións que requiran este tipo de coñecementos, a dotación dunha programación de actividades formativas e lúdicas que se desenvolvan ao logo de cada ano que dure o contrato, e por último a creación e xestión dunha páxina web e das redes sociais do Centro Xove.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: 19 Mocidade

Persoa responsable do seguimento: Enrique Vázquez Naveira

2. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente do contrato a contratación da xestión de actividades e programación do Centro Xoven de Creación Cultural e Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela. Este contrato contemplará a xestión, control e apoio á dinamización dos equipamentos, seguemento, control e publicidade de actividades, a prestación de servizos de atención técnica para a execución de actividades e eventos culturais, as prestacións de control, mantemento, servizo e reparación dos medio técnicos, servizo de montaxe e desmontaxe de espectáculos, e creación e xestión dunha páxina web e redes sociais do centro.

O funcionamento ordinario deste equipamento, que engloba tamén a actividade dos locais de ensaio, fai necesaria garantir unha xestión, coordinación, atención diaria, control e revisión constante das instalacións así como a dinamización cultural do espazo, a programación de actividades formativas e lúdicas; a supervisión, control e realización de cobertura técnica dos equipos para as diferentes actividades e eventos; a creación e xestión dunha páxina web e de redes sociais do centro. Esto implica a necesidade de contratación dun total de 96 h. semanalmente que se distribuirían nunha xornada de 38,5 h para labores de coordinación de proxectos e 38,5 h para labores de animación sociocultural, 19 h para labores de cobertura técnica ás actividades e reparacións. Por outra banda a empresa adxudicataria debe crear e xestionar a páxina web do centro e as redes sociais.

Ademais desta atención directa do equipamento a empresa adxudicataria debe nomear un coordinador técnico responsable que sirva de interlocutor entre o persoal municipal e o propio servizo.

3.-PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

Aberto

4.- DIVISIÓN POR LOTES

SI:

NON: (xustificar a non procedencia da división)

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato



dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico; e a correcta execución do contrato implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

O Centro Xove de Creación Cultural é un equipamento que se creou ao abeiro do programa Urbana Norte. O centro constitúese como o primeiro equipamento da cidade para os mozos e mozas composteláns e nel se desenvolven actividades relacionadas cos intereses deste colectivo e sirve como canalizador de actividades e iniciativas para mozos e desenvolvidas por mozos.

Así mesmo, este equipamento está en contacto permanente cos Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela, pois é un recurso óptimo para amosar o traballo que levan facendo as diferentes formacións que pasaron polos locais de ensaio dende o ano 2003, cando se puxo en marcha a iniciativa. Ademáis áinda que nun principio as salas de ensaio están situadas no Estadio de San Lázaro, en próximas datas trasladaranse ao edificio anexo a Nave Xoven de Creación Cultural e estarán comunicadas para favorecer sinerxias entre a actividade dos locais de música e a Nave de Creación.

O Centro xove, unha vez integrados os Locais de ensaio, contarán cun auditorio dotado dun escenario e equipamento técnico de luz e son, tres salas de ensaio, dotadas con equipo básico de son, un estudio de gravación de audios que conecta cunha das salas habilitada acústicamente para tal fin, espazo de recepción, espazo de lectura e espera. Tamén se conta cun pequeno espazo expositivo, baños adaptados e camerinos.

O dito equipamento abriu as súas portas no ano 2016, e despois de dous anos de funcionamento, dende a Concellería de Mocidade consideramos modificar as condicións do anterior contrato para dar resposta a unha serie de necesidades que redundarán nun mellor funcionamiento do Centro e nunha maior satisfacción dos usuarios e usuarias. Estas incorporacións son a inclusión no propio obxecto do contrato, dun servizo técnico de son e iluminación que dé soporte a eventos e a gravacións musicais e audiovisuais e acometa certas reparacións que requiran este tipo de coñecementos, a dotación dunha programación de actividades formativas e lúdicas que se desenvolvan ao logo de cada ano que dure o contrato, e por último a creación e xestión dunha páxina web e das redes sociais do Centro Xove.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se esixe

7.- NOMENCLATURA (CPV)

A cumplimentar polo departamento de contratación

8. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Operación:090-23104-22799

Existencia de cofinanciación

SI:

NON:

9.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN


- Tipo Base 83.621,69 €(por anualidade)
- 21 % IVA. 20.540 €
- Total 101.182,24€ (por anualidade)

10.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O contrato terá un prazo máximo de execución de dous anos, a contar dende o día que se estipule no contrato.

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outros dous anos, sendo tal prórroga obligatoria para o empresario, ao amparo do dispostos no art. 29.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público

Santiago de Compostela, 15 de febreiro 2019



Xefe da Concellería de Mocidade
Enrique Vázquez Naveira



Concelleira delegada de Mocidade
Noa María Morales Sánchez